



Tecendo o futuro: Galicia como ecosistema de innovación

Concepción Paz Penín

Novembro é o mes de celebrar a ciencia en galego e, que mellor lugar para facelo ca nas nosas bibliotecas? Estas centrais do coñecemento son testemuñas de como Galicia conforma un ecosistema singular de I+D+i, e proporcionan un espazo de confluencia único entre a investigación, a innovación e a cidadanía.

Galicia parte dunha posición privilexiada para afrontar os desafíos tecnolóxicos e enerxéticos do presente. A nosa industria —de automoción, naval, portuaria, agroalimentaria, forestal— é un activo de valor incalculable. Son sectores maduros que están a vivir unha transformación profunda cara á dixitalización e á sostibilidade. Este proceso supón á vez unha oportunidade e unha esixencia: incorporar tecnoloxías emerxentes e, sobre todo, desenvolver tecnoloxía propia.

Como enxeñeira, vexo cada día como a nosa comunidade está a dar ese salto. Ámbitos como a ciencia de datos, a intelixencia artificial, a biotecnoloxía ou o desenvolvemento de novas tecnoloxías de xeración de enerxía verde están xa a xermolar en centros de investigación e en empresas galegas baseadas no coñecemento. Esta confluencia entre a experiencia industrial e a innovación científica convértese nun laboratorio vivo de solucións para os retos vindeiros.

Para que a transformación requirida avance con solidez, o coñecemento debe chegar a todos os niveis da sociedade. É esencial fortalecer a súa transferencia ao tecido produtivo para que se traduza en valor engadido para Galicia. Pero non só: cómpre reforzar a transferencia social do coñecemento a través da divulgación, da cultura científica e da ciencia cidadá, conectando a investigación coas necesidades reais da cidadanía e fomentando unha sociedade máis informada, crítica e participativa.

As bibliotecas son parte esencial deste ecosistema: non só como espazos físicos, senón como nodos de encontro, conexión social e aprendizaxe permanente. A súa transformación dixital e social facilita que o coñecemento circule, que a ciencia se comparta e que máis persoas participen activamente, proporcionando as ferramentas para seguir aprendendo, cuestionando e creando.

A investigación galega ten capacidade de talento para impulsar este proceso de cambio, e o deber dos que somos docentes e investigadores é manter viva a conexión entre academia, industria e sociedade, promovendo unha cultura baseada na cooperación e na responsabilidade compartida.

A miña vocación como enxeñeira é precisamente conectar o saber co facer: traducir as ideas en proxectos e os coñecementos en aplicacións prácticas que respondan ás demandas da nosa industria e da nosa cidadanía. Na miña opinión, converter o coñecemento en avances concretos, en innovación sostible e en benestar colectivo é o mellor investimento que Galicia pode facer en si mesma.

Novembro de 2025



Concepción Paz Penín é enxeñeira industrial, catedrática e doutora pola Universidade de Vigo. Actualmente dirixe o Departamento de Enxeñaría mecánica, máquinas e motores térmicos e fluídos nesa universidade.